



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 27 DE MARZO DE 2025

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DÍA 21-02-2025 E SESIÓN ORDINARIA DE DÍA 27-02-2025.....	2
2. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓN 2025-2027.....	3
3. AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE MONFERO.....	17
4. ASUNTOS SEN DITAMINAR: RATIFICACIÓN DA URXENCIA E INCLUSIÓN NO ORDE DO DÍA DO ASUNTO: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 4 NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.....	33
5. MOCIÓN DO BNG. REORDENACIÓN DO ESPAZO OCUPADO POLO HOTEL EUMESA. .	39
6. MOCIÓN DO BNG. REXEITAMENTO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROPLANTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REIS.....	43
7. DAR CONTA DECRETO NÚM. 111/2025 DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2024.....	48
8. DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2025.....	51
.....	51
9. DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2026- 2028.	62
10. DAR CONTA DOS TIPOS IMPOSITIVOS 2025.....	64
11. ASUNTOS DE URXENCIA.....	64
11.1 RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025" ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE O 05.02.2025 E APROBACIÓN DE INVESTIMENTO.....	64
12. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO.....	71
13. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	75
14. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	75
14.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	75
14.2. ROGOS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	76
14.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	77
14.4. ROGOS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	79
REMATE DA SESIÓN.....	81
DILIXENCIA DA APROBACIÓN.....	81





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 27 DE MARZO DE 2025

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE).

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE).

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE).

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D. Isaac Alejandro García Otero (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE).

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE).

D. Luís Pena Mosquera (BNG).

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG).

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP).

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP).

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria e a Interventora municipal

A Secretaria municipal:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D^a. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE DÍA 21-02-2025 E SESIÓN ORDINARIA DE DÍA 27-02-2025

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente TEDeC: 2025/G006/0000089

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 21.02.2025

SESIÓN ORDINARIA DE 27.02.2025

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 21.02.2025 (borrador asinado o día 07.03.2025)

SESIÓN ORDINARIA DE 27.02.2025 (borrador asinado o día 24.03.2025)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro."

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 21.02.2025 (borrador asinado o día 07.03.2025)

SESIÓN ORDINARIA DE 27.02.2025 (borrador asinado o día 24.03.2025)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓN 2025-2027

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 24.03.2025, que se transcribe a continuación:

«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 24 DE MARZO DE 2025

EXPDTE: 2025/G012/000005

2.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2025-2027

Consta proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONS 2025-2027

Expediente: 2025/X999/000079

Tendo en conta a providencia da Alcaldía de día 05.03.2025, para a tramitación do expediente cara a aprobación do "Plan estratéxico de subvencións" do Concello de Ponte deume.

Tendo en conta o documento "Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ponte deume 2025-2027", asinado dixitalmente o día 10.03.2025.

Logo de ver o informe da intervención municipal de referencia 64.2025 de 11.03.2025.

Loo de ver o informe da Secretaria Xeral de día 10.03.2025

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte, **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o "Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ponte deume 2025-2027", do seguinte teor literal:

"PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE PONTEDEUME 2025-2027"

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calesqueira entes públicos responsables da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

ARTIGO 8. Principios xerais.

1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten o mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrixir fallos claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.

3. A xestión das subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O citado artigo 8 foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 indica que:

“ARTIGO 5.1. Principios xerais.

1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

...//...”

O Plan Estratéxico, en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se formulen deben estar recollidas no mesmo. A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencionable das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduza conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social cuxa regulación se contén nas bases de execución do orzamento do 2021 motivada pola modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: “. Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial”. Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións.

O Concello de Pontedeume non contempla neste plan ningunha axuda de duración plurianual aínda que segue apoiando accións e colectivos aos que xa viña facendo en exercicios





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

anteriores dada a súa importancia para o tecido social, comercial, asociativo, cultural, educativo e deportivo do concello.

Para dar cumprimento á citada normativa, o Concello de Pontedeume aproba o seu Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2025 a 2027 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; si ben, se adecúa a súa vixencia á desta corporación e en prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2 . NATUREZA XURÍDICA

Os Planes Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias , se acomodarán en cada momento a ditos obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencionable ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

O Concello de Pontedeume concederá subvencións a favor de persoas físicas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

O presente Plan Estratéxico do Concello de Pontedeume resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas nas bases de Execución do Orzamento.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Con carácter xeral, as subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nas Bases de Execución do orzamento.

As Liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Liña 1: Fomento da promoción do deporte, tecido social, o comercio, a cultura, a educación e mocidade nos seus distintos ámbitos.

- Liña 2: Fomento da conciliación familiar, turismo e servizos sociais.

5.1. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, TECIDO SOCIAL, O COMERCIO, A CULTURA, A EDUCACIÓN E MOCIDADE,

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter educativo, social, fomento do comercio, cultural e deportivo .

b) Obxectivos específicos:

- Apoiar a educación en igualdade de condicións para a adquisición de material escolar.

- Apoiar o mantemento e funcionamento das ANPAS dos centros educativos de Pontedeume e apoiar á realización doutras actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos.

- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.

- Fomento das actividades extraescolares.

- Fomento das actividades das asociacións de veciños como parte fundamental da dinamización das parroquias.

- Fomento das actividades culturais levadas a cabo por agrupacións sen ánimo de lucro do termo municipal por ser transmisoras da cultura eumesa en todos os seus ámbitos.

- Fomento do comercio, da creación e da innovación comercial como parte importantísima da riqueza do noso municipio.

- Fomento do deporte, tanto aficionado coma federado no ámbito dos obxectivos de desenvolvemento sostible que implementan os hábitos dunha vida saudable da nosa veciñanza.

- Fomento da creación literaria narrativa así como investigadora con carácter etnográfico da nosa Comarca.

c) Prazo de execución: Anual.

d) Custos previsibles:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Os custos previstos para o período 2025-2027 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará en xeral por concorrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nomeadamente nas Bases de Execución do Orzamento.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.2. SUBVENCÍONS EN MATERIA DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN FAMILIAR, TURISMO E SERVIZOS SOCIAIS

a) Obxectivo estratéxico:

Co obxectivo de fomentar a conciliación familiar e o asentamento de poboación no Concello de Pontedeume, así como programas de prevención de condutas aditivas ou de fomento da igualdade de oportunidade as persoas en risco de exclusión social e a promoción turística da nosa vila que repercute positivamente na economía da mesma.

b) Obxectivos específicos:

- Fomentar a conciliación no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo e o asentamento da poboación no Concello de Pontedeume.

- Fomento de programas de promoción turística que repercutan positivamente na economía e posta en valor cultural da nosa vila.

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos ámbitos dos servizos sociais, tales como actividades nas

áreas de familia, infancia e mocidade; persoas maiores; diversidade funcional; drogodependencias e outros trastornos aditivos; violencia de xénero; igualdade de oportunidades e persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social e/ou laboral.

c) Prazo: Convocatorias anuais.

d) Custes previsibles: Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

e) *Fontes de de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.*

f) *Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en concorrencia competitiva, de conformidade coa ordenanza que regule a súa concesión.*

g) *Plan de actuación: O procedemento de concesión para a execución desta liña estratéxica realizarase en concorrencia de conformidade coa ordenanza aprobada.*

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, se deberán recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 7. FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións que establece que "tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención", as bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ponte deume, realizarase de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Ponte deume, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.

- Control e seguimento do Plan, que será recopilado pola Intervención municipal, para o cal, por parte de cada un

dos Servizos que actúen de órganos instrutores do procedemento de concesión das Subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, en informe independente, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratéxico de Subvencións da anualidade correspondente indicando grado de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada”.

SEGUNDO. Publicar o contido íntegro do Plan no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello e da sede electrónica municipal, para xeral coñecemento. Simultaneamente, publicar o texto do Plan municipal no portal web do Concello de Ponte deume e no portal de transparencia municipal localizado na sede electrónica municipal.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

CUARTO. Dar traslado aos servizos administrativos afectados polo contido do acordo adoptado”.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA de 5 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (5): D. José Simoes Couceiro, D^a Ma^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. Joshua Dopico López; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Manuel Aaron Martínez Curbeira e do concelleiro do Grupo Municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro».

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o Sr. Presidente para indicar que o plan estratéxico de subvencións é unha exigencia legal para garantir o correcto outorgamento de subvencións, e que abrangue dende o ano 2025 ata que remata a vixente lexislatura.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que pregunta por que non existe o documento de control e seguimento do Plan estratéxico de subvención, tal e como indica o informe da intervención; e se as subvencións seguen sendo nominativas.

Respecto da primeira pregunta **responde a Interventora municipal** que hai que facer unha análise do desenvolvemento do plan pero que non se fixo, que é algo novo.

O **Sr. Presidente** di que as únicas subvencións nominativas son as que aparecen no orzamento municipal, o resto van en concorrencia.

Pregunta o **Sr. Curbeira** que as nominativas entón se empregan para unha actividade concreta con aportación económica por parte do Concello.

O **Sr. Presidente** di que se hai actividades que co organiza o Concello tamén se pode facer unha aportación económica, pero non se pode dar unha subvención se non está establecido nunhas bases reguladoras.

Concluídas as intervencións sométese a votación o ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; e **CATRO ABSTENCIÓNS (4)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luís Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro, o **ACORDO seguinte**:

PRIMEIRO. Aprobar o “Plan estratéxico de subvencións do Concello de Pontedeume 2025-2027”, do seguinte teor literal:

“PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE PONTEDEUME 2025-2027

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calesqueira entes públicos responsables da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

ARTIGO 8. Principios xerais.

1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten o mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrixir fallos claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.

3. A xestión das subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

O citado artigo 8 foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 indica que:

“ARTIGO 5.1. Principios xerais.

1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

...//...”

O Plan Estratéxico, en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se formulen deben estar recollidas no mesmo. A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencionable das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduza conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social cuxa regulación se contén nas bases de execución do orzamento do 2021 motivada pola modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: “. Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial”. Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Galicia, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións.

O Concello de Ponte deume non contempla neste plan ningunha axuda de duración plurianual aínda que segue apoiando accións e colectivos aos que xa viña facendo en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social, comercial, asociativo, cultural, educativo e deportivo do concello.

Para dar cumprimento á citada normativa, o Concello de Ponte deume aproba o seu Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2025 a 2027 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; si ben, se adecúa a súa vixencia á desta corporación e en prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2 . NATUREZA XURÍDICA

Os Planes Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias , se acomodarán en cada momento a ditos obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencionable ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

O Concello de Ponte deume concederá subvencións a favor de persoas físicas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O presente Plan Estratéxico do Concello de Pontedeume resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrència competitiva.
- Subvencións nominativas previstas nas bases de Execución do Orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións concederanse en réxime de concorrència competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nas Bases de Execución do orzamento.

As Liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Liña 1: Fomento da promoción do deporte, tecido social, o comercio, a cultura, a educación e mocidade nos seus distintos ámbitos.
- Liña 2: Fomento da conciliación familiar, turismo e servizos sociais.

5.1. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, TECIDO SOCIAL, O COMERCIO, A CULTURA, A EDUCACIÓN E MOCIDADE,

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter educativo, social, fomento do comercio, cultural e deportivo .

b) Obxectivos específicos:

- Apoiar a educación en igualdade de condicións para a adquisición de material escolar.
- Apoiar o mantemento e funcionamento das ANPAS dos centros educativos de Pontedeume e apoiar á realización doutras actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.
- Fomento das actividades extraescolares.
- Fomento das actividades das asociacións de veciños como parte fundamental da dinamización das parroquias.
- Fomento das actividades culturais levadas a cabo por agrupacións sen ánimo de lucro do termo municipal por ser transmisoras da cultura eumesa en todos os seus ámbitos.
- Fomento do comercio, da creación e da innovación comercial como parte importantísima da riqueza do noso municipio.
- Fomento do deporte, tanto aficionado coma federado no ámbito dos obxectivos de desenvolvemento sostible que implementan os hábitos dunha vida saudable da nosa veciñanza.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Fomento da creación literaria narrativa así como investigadora con carácter etnográfico da nosa Comarca.

c) Prazo de execución: Anual.

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período 2025-2027 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará realizarse en xeral por concorrência competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nomeadamente nas Bases de Execución do Orzamento.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.2. SUBVENCÍONS EN MATERIA DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN FAMILIAR, TURISMO E SERVIZOS SOCIAIS

a) Obxectivo estratéxico:

Co obxectivo de fomentar a conciliación familiar e o asentamento de poboación no Concello de Pontedeume, así como programas de prevención de condutas aditivas ou de fomento da igualdade de oportunidade as persoas en risco de exclusión social e a promoción turística da nosa vila que repercute positivamente na economía da mesma.

b) Obxectivos específicos:

- Fomentar a conciliación no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo e o asentamento da poboación no Concello de Pontedeume.

- Fomento de programas de promoción turística que repercutan positivamente na economía e posta en valor cultural da nosa vila.

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos ámbitos dos servizos sociais, tales como actividades nas

áreas de familia, infancia e mocidade; persoas maiores; diversidade funcional; drogodependencias e outros trastornos aditivos; violencia de xénero; igualdade de oportunidades e persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social e/ou laboral.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

c) Prazo: Convocatorias anuais.

d) Custes previsibles: Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

e) Fontes de de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en concorrencia competitiva, de conformidade coa ordenanza que regule a súa concesión.

g) Plan de actuación: O procedemento de concesión para a execución desta liña estratéxica realizarase en concorrencia de conformidade coa ordenanza aprobada.

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, se deberán recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 7. FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións que establece que "tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención", as bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ponte deume, realizarase de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Ponte deume, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.

- Control e seguimento do Plan, que será recopilado pola Intervención municipal, para o cal, por parte de cada un





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

dos Servizos que actúen de órganos instrutores do procedemento de concesión das Subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación.

- A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, en informe independente, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratéxico de Subvencións da anualidade correspondente indicando grado de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada”.

SEGUNDO. Publicar o contido íntegro do Plan no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello e da sede electrónica municipal, para xeral coñecemento. Simultaneamente, publicar o texto do Plan municipal no portal web do Concello de Ponte deume e no portal de transparencia municipal localizado na sede electrónica municipal.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

CUARTO. Dar traslado aos servizos administrativos afectados polo contido do acordo adoptado.

3. AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE MONFERO

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 24.03.2025, que se transcribe a continuación:

«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 24 DE MARZO DE 2025

EXPDTE: 2025/G012/000005

3.- AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE MONFERO.

Consta proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

ACORDO PARA A AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE MONFERO.

(Expte 2025/A003/000019)

Tendo en conta que non DOGA núm. 25 de 6 de febreiro de 2025, publicouse a ORDE do 23 de xaneiro de 2025 pola que se regulan os criterios de repartición e establécense as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).

Visto que ou concello de Pontedeume e ou concello de Monfero están interesados na participación na convocatoria do Fondo de Compensación ambiental para 2025, mediante un proxecto conxunto que da cumprimento ás preferencias de financiamento agrupado que promove a Consellería concedente.

Ou obxectivo da presente agrupación voluntaria de ambos os concellos é a de mellorar a eficiencia da xestión pública, mediante a cooperación administrativa, nomeando un único representante para ou relacionado co procedemento de solicitude, seguimento e xustificación da subvención de que se trate e a coordinación posterior de ambas as entidades na execución das diferentes actuacións do proxecto de que se trate sobre a totalidade do ámbito.

Tendo en conta que a LBRL establece como un principio para a relación interadministrativa, para a efectiva coordinación e eficacia administrativa, a coordinación e cooperación das administracións públicas para ou eficaz cumprimento das súas tarefas.

Queda, desta forma, debidamente acreditada a xustificación de que é máis conveniente/eficiente realizar actuacións non ámbito indicado de forma conxunta entre ambos os municipios.

(...)"

Visto que a concreción dous restantes extremos da subvención son competencia da alcaldía, unha vez estea acordada a modalidade de agrupación e formalización do convenio que a regule.

Tendo en conta a memoria da alcaldía asinada dixitalmente en data 18/03/2025.

Visto ou informe xurídico de data 18.03.2025 emitido pola Secretaría Xeral.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta ou establecido na normativa de aplicación, isto é a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando ou establecido non artigo 21, 22.2.b) e 47.2 g) e 47.2.h) dá Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante.

Esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do concello, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar ou Convenio regulador da agrupación do concello de Pontedeume e ou concello de Monfero, segundo ou literal que a continuación se transcribe:

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE AGRUPACIÓN DE CONCELLOS PARA A TRAMITACIÓN DE SUBVENCÍONS

Obxecto da agrupación: *Solicitud de Subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).*

REUNIDOS

Na data da sinatura dixital

A entidade Concello de Pontedeume, con domicilio social en Rúa Real, 13 - Pontedeume (A Coruña), CIF P1507000F e representada legalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro como Alcalde-Presidente.

A entidade Concello de Monfero, con domicilio social en Lugar Rebordelo, 8, 15619, Monfero (A Coruña), CIF P1505100F e representada legalmente por D. Alberto Cortizas Rejo como Alcalde-Presidente, en funcións.

As partes recoñecen a súa capacidade e lexitimidade para subscribir o presente Convenio, e para estes efectos.

EXPOÑEN

Que as partes desexan constituír unha agrupación de entidades, sen personalidade xurídica, no marco das axudas convocadas para ser beneficiarios Subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).

En consecuencia, formalízase o presente acordo, que formaliza un Convenio Interadministrativo, que regula o funcionamento da Agrupación ou Grupo, de conformidade co seguinte:

CLÁUSULAS





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Primeiro. Obxecto e obxectivos da colaboración e actuacións a desenvolver.

O presente Convenio ten por obxecto constituír formalmente unha agrupación de entidades sen personalidade xurídica para participar, de forma conxunta, na Convocatoria de axudas convocadas para ser beneficiarios Subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).

As actuacións están referidas ao anteproxecto presentado por Facilita Ingeniería S.L, que será a actuación en agrupación para cuxa execución se solicita axuda económica á Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde indicada, coa denominación: "Anteproxecto: actuación de eficiencia enerxética na luz pública e de redución da contaminación lumínica e protección dos ceos nocturnos (FCA 2025, CC)", asinado polo enxeñeiro técnico industrial Jesús Manuel Dubra Liste, colexiado n.º 3048, por importe con IVE de 59.889,88€.

A proposta dos peticionarios para acollerse a liña de concorrencia competitiva consiste en:

- Concello de Monfero: eficiencia enerxética na luz pública e de redución da contaminación lumínica e protección dos ceos nocturnos na Parroquia de Taboada.
- Concello de Ponte deume: eficiencia enerxética na luz pública e de redución da contaminación lumínica e protección dos ceos nocturnos na Parroquia de Bremao

Estas parroquias dos Concellos de Monfero e Ponte deume están pegadas, polo que o proxecto conxunto permite dar unha continuidade ás instalacións de iluminación pública exterior, co cal se conseguirá unha uniformidade lumínica no territorio afectado pola actuación aquí proposta.

Concello	Custos sen IVE		Custos con IVE		Aforros	
	Execución compartida	Execución individual	Execución compartida	Execución individual	Sen IVE	Con IVE
Monfero	23.731,25 €	26.104,38 €	28.714,81 €	31.586,29 €	2.373,13 €	2.871,48 €
Ponte deume	22.646,69 €	24.911,36 €	27.402,49 €	30.142,74 €	2.264,67 €	2.740,25 €
Total	46.377,94 €	51.015,73 €	56.117,31 €	61.729,04 €	4.637,79 €	5.611,73 €

A distribución de custos incluída no proxecto, entre ambos concellos é a seguinte:

Segundo. Validez

1. A vixencia do presente Convenio queda suxeita á concesión da subvención que no seu caso se solicite e, no seu caso, ao disposto na resolución de concesión.
2. Esta agrupación de concellos non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceiro. Obrigas das partes e compromisos de execución asumidos polos membros da agrupación

Subministro vehículo policía local	2025/4/MV/6	132.62400	17.000,00		
TOTAL			350.651,67		

TERCEIRO.- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender gastos inaprazables e urxentes.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno”.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Urbanismo e Infraestruturas** que cita todas as actuacións que comprenden a modificación de crédito plantexada.

Toma a palabra **don Luís Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, para indicar que o seu voto será a abstención, xa que non foron consultados sobre o uso do remanente, e pregunta se pode facer algún comentario, xa que se está a falar de orzamento, logo de ver o informe 52.2025 da intervención municipal sobre a liquidación do orzamento 2025; e que no momento da dación de conta non se pode intervir; e pregunta por que a execución do orzamento de inversión no ano 2024 e ao igual que nos anos anteriores é baixa, citando datos, que se produce de forma moi repetitiva a falta de execución, que o concello non está a licitar ou executar obras ao longo do exercicio.

Responde o **Sr. Presidente** que a falta de execución das obras é polo que todos e todas saben, porque no hai departamento de contratación e que se vai licitando como se pode co persoal de secretaria, que houbo que poñer en marcha o novo procedemento de contratación do persoal técnico A2; e indica que o resto do orzamento estase a executar correctamente. Continúa dicindo que as obras que se inclúen no orzamento, no 99% dos casos precisan informes sectoriais que non chegan a tempo de licitar e executar no ano, polo que as obras pasan a ser plurianuais ou incluso que se fagan aos tres anos.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Intervén o **Sr. Pena**, que se iso fose así a porcentaxe sería máis alta, xa que as obras executaríanse noutros anos; e recorda os números que reflicte o informe de intervención. Tamén fala neste momento da concesionaria do servizo de abastecemento que leva Viaqua está en prorroga dende o 2017 e que na actualidade non hai ningún trámite da próxima licitación.

Intervén **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSOE** para dicir que non é o punto do debate que están a falar, que o punto é unha modificación de crédito.

O **Sr. Pena** dille que están a falar de orzamentos, e que no punto de dación de conta da liquidación do orzamento non pode ter uso da palabra.

Intervén o **Sr. Presidente** para indicar que hai que cingirse aos puntos pero que non lle importa darlle explicacións.

Toma a palabra don **Daniel Ríos Fernández, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE**, que explica que cando se é beneficiario dunha subvención de 500.000 euros, por exemplo a da obra do Torreón e a aportación municipal é de 90.000, só son estes os que se están deixando de gastar con cargo á liquidación; logo sobre as licitacións pendentes de obras indica que a día de hoxe o único que está pendente é o POS 2024, que agora se trae o remanente para executar obra ao longo deste ano que é incorporable automaticamente ao ano seguinte porque os números son bos, por iso vas arrastrando as execucións.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que hai que entender como é a financiación e a execución das obras, que ao mellor a parte que está sen executar por parte do concello é mínima porque a gran parte é a través de subvencións ou convenios con outras administracións públicas; logo que os procedementos de licitación establecen prazos que hai que cumprir e que está todo regrado. Di que a execución do orzamento non ten nada que ver coa xestión do goberno local, porque é cuestión de tempos.

Intervén o **Sr. Pena** dicindo que en gasto corrente a execución é do 80% e en inversións é do 15%.

Di o **Sr. Presidente** sobre o tema de Viaqua que xa lles dixo noutras ocasións, que estaban esperando a ter o resultado da auditoría antes de sacar os pregos, que esta auditoría pechouse o ano pasado; e agora están cos estudos previos para contratar o servizo, e que os pregos se farán a través da universidade para ter máis garantías. Continúa dicindo que grazas a auditoría o concello ingresou 1.500.000 de euros polo que considera que esperar cinco anos dende o remate da prórroga está xustificado e que na actualidade "están ao día" con Viaqua.

Insiste **don Luís Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, que Viaqua leva dende o 2017 sen contrato, que son moitos anos para un servizo desas características; e tamén quere insistir na actualización da RPT.

Interrompe **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE**, para reiterar que non é debate para o punto, que o que está dicindo o Sr. Pena debería ir nun rogo.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O **Sr. Pena** insiste en que e á única maneira que hai de falar do informe da Intervención emitido en relación á liquidación do orzamento que figura nun punto de dar conta.

O **Sr. Presidente** di que as regras de funcionamento do Pleno non as poñen eles, senón que hai unha Lei que o regula; que non se poden incorporar debates que non están na orde do día, e parece que da igual as explicacións que lle dan ao Sr. Pena, cree que o que él quere e fixar a súa posición; polo que facer as achegas que considere o Sr. Pena é mellor que o faga no apartado dos rogos.

O **Sr. Pena** acepta continuar no punto dos rogos.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para dicir que van apoiar a modificación, que considera que son obras necesarias, e pregunta cal é a cantidade de remanente que quedaría.

O **Sr. Presidente** indica que do remanente total hai unha parte para obras xa iniciadas, obras incorporadas, que tampouco o gastan todo para cumprir coa estabilidade orzamentaria.

Sen máis intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luís Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; o **ACORDO seguinte**:

PRIMEIRO.- Que se habilite unha modificación de crédito por importe total de **53.200 euros**, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de Crédito extraordinario de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONC.	CONTÍA
Rehabilitación palco da música	2025/4/MV/7	171.61900	43.000	87000	53.200
Puente esteiro	2025/4/MV/8	450.60900	10.200		
TOTAL			53.200		

SEGUNDO.- Que se habilite unha modificación de crédito por importe total de **350.651,67 euros**, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de Suplemento de crédito de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONC.	CONTÍA
Subvención 2% cultural. Torreón. Anualidade 2025	2024/2/NS/1	933.68200	54.677,35	87000	350.651,67
Reforma Interior e Mellora da Accesibilidade de Centro Social en Vizús	2025/2/LK/4	933.63200	61.342,62		





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Mellora da capa de rodaxe acceso Cementerio e Praia de Centroña	2025/4/MV/1	1532.61900	48.500,00		
Mellora da capa de rodaxe en camiño da torre - Vilar	2025/4/MV/2	1532.61900	46.000,00		
Extensión da rede de abastecemento en A Graña - Nogueirosa	2025/4/MV/3	161.60900	31.000,00		
Aglomerado de camiño en San Cosme - Nogueirosa	2025/4/MV/4	1532.61900	48.600,00		
Mellora de accesos a leiras en O Castro (AGADER 25-26)	2025/2/LC/1	1532.61900	11.831,70		
Mellora da capa de rodaxe en A Regueira - Andrade	2025/4/MV/5	1532.61900	31.700,00		
Subministro vehículo policía local	2025/4/MV/6	132.62400	17.000,00		
TOTAL			350.651,67		

TERCEIRO.- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender gastos inaprazables e urxentes.

5. MOCIÓN DO BNG. REORDENACIÓN DO ESPAZO OCUPADO POLO HOTEL EUMESA

Toma a palabra don **Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG** , que da lectura á moción presentada, que se transcribe a continuación.

“A contorna do Hotel Eumesa e a gasoleira é un espazo senlleiro para a nosa Vila. Dende o BNG cremos necesario e imprescindible para futuro do concello a reformulación do aproveitamento deste espazo partindo dun proxecto que conte cun amplo consenso dentro da sociedade eumesa.

*Tódalas posibilidades están abertas: un edificio sobranceiro ben integrado (uso comercial, hostaleiro), estacionamento soterrado, conexión coa Alameda a través do parque Sarmiento,.... Un punto de partida é o PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible), encargado polo propio concello e redactado polo arquitecto Roi García Camba que propón para este espazo (sic): “...unha **reconfiguración total do espazo**, apostando pola supresión dos usos hoteleiros e de gasoleira, **aumentando a superficie de estacionamento.....”***

A titularidade deste terreo é de Portos de Galicia, polo que calquera modificación do uso actual debe contar coa aprobación e colaboración desta institución. A delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Pontedeume ten unha antigüidade de máis de 15 anos. Dúas son as concesións administrativas en terreos de dominio público portuario que afectan a este espazo:

Referencia	Título	Concesionario
12-10-64-C-1	Construción de estación de servicio	COMBUSTIBLES RIO EUME
12-10-65-C-2	Hotel - Restaurante - Cafetería e instalacións Anexas	REGUEIRA VAZQUEZ,CONSTANTINO





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A concesión do hotel Eumesa atópase xa caducada e o concesionario ten obriga de demoler as instalacións tal como se recollía nas condicións da concesión administrativa que regulou a súa explotación. A reversión dos terreos a Portos de Galicia está nestes momentos pendente xa que o concesionario presentou un recurso contencioso administrativo, que debe resolverse no Xulgado.

Unha vez demolida a instalación e revertidos os terreos a Portos de Galicia, este en establecerá o novo uso dos terreos a través da fórmula de planificación que se considere máis axeitada segundo os usos que se contemplen derivados da resolución xudicial pendente.

Polo que respecta á estación de servizo, a concesión está vixente ata o 2027.

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

- 1. Instamos ao goberno local a redactar un **proxecto que acade o respaldo dunha amplo consenso da sociedade eumesa** para a reorganización total deste espazo seguindo os criterios plasmados nos PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible).*
- 2. Instamos ao goberno local e a Portos de Galicia a **exercer a vixilancia sobre cumprimento das obrigas legais do concesionario de demoler as instalacións** (sen coste para as arcas municipais), tal como se recolle nas condicións da concesión administrativa que regulou a súa explotación, unha vez se resolva o contencioso administrativo.*
- 3. Instamos ao goberno local e a Portos de Galicia a **buscar unha solución negociada para o uso destes terreos** tan relevantes da fachada marítima de Ponte deume unha vez revertan os terreos a Portos de Galicia buscando fórmulas legais que favorezan a sustentabilidade a longo prazo, o medio ambiente e a mellora da calidade urbana.*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para indicar que non poden apoiar a moción, xa que se insta ao Concello, cando este non ten competencias, que é de Portos de Galicia; e indica que tampouco van ir en contra de ningún veciño no referido á demolición, di que se debería encargar Portos se realmente hai que demoler o edificio do hotel, xa que o titular dos terreos é o propietario do inmovible; e sobre un “proxecto que acade o respaldo dunha amplo consenso da sociedade eumesa” di que non considera necesario xa que a sociedade eumesa esta representada polos grupos políticos que conforman o Pleno. Indica que o seu voto será a abstención.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que anuncia que o voto será en contra do seu partido, e que presentarán unha moción pola vía de urxencia sobre o mesmo tema. Afirmo que non poden compartir esta moción xa que o BNG é coñecedor das xestións que o goberno municipal leva facendo dende o ano 2023 con Portos de Galicia sobre o tema, con reunións co anterior e actual titular que acolleron ben a proposta do grupo municipal; polo que o punto onde se pide





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

negociar con Portos, xa foi iniciado hai 2 anos, di que non entende o sentido desta moción. Continúa dicindo, en relación ao proxecto con amplo consenso, quere recordar que xa hai dous anos o grupo municipal do BNG tamén formulou unha proposta de concurso de ideas para esa zona, e xa se explicou no seu día que o Plan de usos portuarios limita moito o uso destes terreos; polo que preguntar á poboación xeraría expectativas que non se cumprían; e pon de exemplo o uso comercial que o BNG di na moción non está permitido no actual plan de usos portuarios. Indica que a veciñanza deu a súa confianza ao equipo actual de goberno, polo que teñen lexitimidade para tomar decisións, e seguindo a liña do PMUS, trasladouse a Portos aproveitar os terreos cunha parte de espaxamento e outra de aparcamento, que é unha necesidade moi demandada pola poboación. Continúa dicindo que o Concello non ten competencias para o seguimentos das obrigas dos concesionario, é de Portos; e os requisitos xa non se cumpren porque hai un procedemento xudicial aberto a raíz dun expediente de caducidade anticipada aberto por Portos de Galicia á concesionaria por un cambio de titularidade sen contar coa autorización autonómica. Indica que Portos de Galicia lles indicou que a concesión tanto do hotel como a estación de servizo rematan no ano 2027. Continúa dicindo que o goberno municipal quere ir un paso máis alá que conseguir a cesión de usos dos terreos, que se pretende solicitar a desafección dos terreos que non teñen uso portuario na actualidade, a reversión ao Estado primeiro titular deses terreos, e que finalmente o Estado faga unha cesión definitiva ao Concello, indica que estes trámites xa se iniciaron en concellos como Oleiros e A Guarda, e que incluso hai un acordo da FEGAMP coa Xunta de Galicia para axilizar os trámites para este tipo de desafeccións e reversións. Indica que isto lle interesa ao Concello, e a parte do paseo marítimo que pertence ao Ministerio de Transición Ecolóxica, tamén hai que solicitar que sexa do Concello para que toda a fachada marítima acabe sendo de titularidade municipal.

Sendo as 12:43 minutos, o concelleiro don José Simoes Couceiro abandona a sesión

Continúa o **Sr. Presidente** e segundo indicación de Portos, unha vez rematado o litixio xudicial, se iniciarán os trámites para a cesión e logo reversión ao Concello; e indica que está pendente de reunirse novamente co Presidente de Portos de Galicia para seguir falando deste tema.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para indicar que a moción presentase tendo a información, que tamén hai preguntas respondidas sobre este tema; pero hai en certas cousas que non concordan, e tamén que a proposta verbal do goberno non coincide co PMUS, que recolle a supresión das dúas instalacións que hai actualmente nesos terreos, e que parece que todos os grupos políticos concordan co tema do hotel, non así coa estación de servizo.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que indica que no plan de usos portuarios non figura o uso hoteleiro, pero a estación de servizo se engloba dentro de uso auxiliar ao Porto; e quitala de aí implicaría que os donos das embarcacións terían que ir a Campolongo ou Laraxe na procura de combustible; e Portos de Galicia contempla a saída dunha nova concesión para esa estación de servizo e o goberno respalda esta actividade; ademais é unha estación de servizo "low cost" o que tamén beneficia ao comercio e hostalaría eumesa, por que a xente se despraza ata Ponte deume; non comparten o argumento que se dicía anos atrás que era unha bomba de relaxaría ter iso no medio do pobo, e que na actualidade todo o pobo esta soterrado con gas





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

que é máis perigoso. Continúa dicindo que o PMUS fai recomendacións e que a última instancia é de Portos de Galicia.

Sendo as 12:46 minutos, o concelleiro don José Simoes Couceiro regresa a sesión

Intervén o **Sr. Curbeira** dicindo que se podería propor instalar uns surtidores na zona do peirao, como antigamente, para as embarcacións pequenas, porque os grandes xa non enchen os depósitos aquí.

Intervén o **Sr. Presidente** indicando que non se busca un servizo exclusivo para Portos, senón tamén para a veciñanza; que a estación de servizo xera 7 postos de traballo, que hai 7 familias do Concello que viven grazas a ese negocio; e por outra banda esa empresa tamén esta pagando impostos na vila a través do IAE; di que o goberno vela para que se establezan máis empresas en Pontedeume, non para que marchen as que están.

Intervén o **Sr. Curbeira** para dicir que ao final á demanda vai ser mesma, para Campolongo case toda, e en relacións aos postos de traballo habería que facer unha labor de mediación de reabsorción ou re-colocación desas persoas traballadoras.

Intervén o **Sr. Presidente** que non é moi fácil en moitas ocasións recolocar aos traballadores cando as empresas pechan; que neste caso se está falando de xente con idade superior aos 50 anos e experiencia única en estacións de servizo; polo que pode ser complicado recolocalas. Indica que prefire que a estación de servizo quede na vila, que non haxa opción a esa inestabilidade laboral e como alcalde entende que o servizo é positivo tanto para a veciñanza como para a xente que ven na procura de combustible máis barato, e reitera tamén para o sector hostaleiro e o comercio.

Intervén o **Sr. Curbeira**, dicindo que a localización actual da estación de servizo é negativo para o transito do vehículos e para peóns, dando problemas de atascos en Ricardo Sánchez.

Responde o **Sr. Presidente** para dicir que o problema de tráfico non é da estación de servizos senón de que en Ricardo Sánchez conflúe a estrada que ven de Monfero, está o centro de saúde, os institutos, é unha rúa con moito movemento; que nunca viu atascos de vehículos para entrar estación de servizo. Indica que o grupo municipal do BNG ten os seus argumentos pero que non os comparten.

Intervén o **Sr. Curbeira** para dicir que a moción se presenta para plasmar os criterios do PMUS na solución que se adopte cando remate a concesión; e en referencia a o amplo consenso, indica que non ten porque ser todo o mundo, e que non teñen inconveniente en escoitar posibles emendas á mesma.

Toma a palabra **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Urbanismo e Infraestruturas**, dicindo que a fase de redacción do PMUS é anterior a decisión adoptada por Portos de Galicia de manter a estación de servizo; e recalca que o PMUS marca directrices ou recomendacións que logo poden ser variadas, como ocorreu coa zona azul que se variou un 20% e a día de hoxe funciona ben.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Propón o **Sr. Presidente** fusionar as dúas mocións, e da lectura aos acordos da moción que presentan, sendo os seguintes:

- “1. Instar ao ente Portos de Galicia a aceptar a proposta do Concello de Ponte deume consistente na cesión de uso dos terreos da súa titularidade que non teñan usos portuarios en tanto se tramita a desafección dos mesmos tal e como se esta a tramitar nos correspondentes aos concellos de Cangas, Vilanova, Foz e Oleiros entre outros.*
- 2. Instar a Portos de Galicia o cumprimento de todas as obrigas legais contidas na concesión para ambas as dúas partes”.*

Continúa o **Sr. Presidente** a dicir que na actualidade no convenio non hai establecido ningún conste para as arcas municipais, pero pode darse o caso de que o concesionario se declare insolvente polo que Portos non ten ningunha obriga de demoler o hotel; e no caso de cesión ao Concello está debería ser polo tempo mínimo de amortización do montante económico de demolición con cargo ás arcas municipais.

Neste punto do debate o **Sr. Presidente** propón retirar ambas mocións, a presentada polo BNG e a que o PSdeG-PSOE ía presentar pola vía de urxencia e facer unha xunta de voceiros, para acadar un consenso en forma de declaración institucional sobre o tema; engade que se esta a falar da fachada marítima do Concello de Ponte deume, e polo tanto que debe existir un consenso entre todos os grupos políticos xa que é un aspecto que vai ir moito máis aló desta lexislatura.

Logo do debate, o grupo municipais do BNG acepta **retirar a moción presentada**; pero quere aclarar que cando se referían a facer un concurso de ideas é tendo en conta os usos permitidos é a través dunha participación cidadá regulada, non queren dicir que todas as decisión se tomen así.

6. MOCIÓN DO BNG. REXEITAMENTO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROPLANTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REIS.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que da lectura á moción presentada, que se transcribe a continuación.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei, impulsada pola Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri, acendeu todas as alarmas da sociedade galega cando se soubo que a empresa escollera Galiza para se instalar como segunda opción, unha vez que non lle era posíbel facelo en Portugal.

Nun primeiro momento presentouse este proxecto como unha iniciativa centrada na produción circular de fibras téxtiles, mais pouco despois púidose comprobar que o propósito real era a fabricación de pasta de celulosa soluble (máis do 70% da produción) destinada en gran parte á exportación.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Este proxecto industrial tería consecuencias devastadoras para o territorio e o medio ambiente, non só na comarca da Ulloa, senón tamén en toda a Ría de Arousa e nas localidades que se abastecen do río Ulla.

A extensión da factoría, que ocuparía 366 hectáreas e que prevé a ocupación de case un millón e medio de metros cadrados, incluíndo unha cheminea de 75 metros de altura, tería un impacto paisaxístico irreparábel.

A nova factoría requiriría inxentes cantidades de auga do río Ulla e provocaría vertidos de augas residuais altamente contaminantes, o que afectaría á calidade das augas e á biodiversidade tanto do Ulla como da ría de Arousa. A actividade económica e o emprego na zona tamén sufrirían un impacto negativo, que non se compensaría para nada coas promesas e cantos de serea da Xunta de Galiza sobre a posíbel creación de emprego desde empresa pasteira.

O mesmo acontecería coa economía e os sectores produtivos de toda a ría de Arousa, pois a vertedura de 30.000 metros cúbicos diarios de auga contaminada tería unha afección clarísima na calidade das augas dunha ría que xa está vivindo neste momento unha crise produtiva sen precedentes.

O impacto ecolóxico deste proxecto é alarmante, dado que a zona está en proceso de ampliación da Rede Natura 2000 e alberga hábitats e especies en perigo de extinción. As emisións contaminantes representarán un risco para a saúde pública, a calidade dos solos e o uso residencial na área circundante. Ademais, o proxecto ameaza a protección do Camiño de Santiago e outros bens culturais da contorna.

Unha nova pasteira no corazón de Galiza agravaría o grave problema que xa sofren os montes galegos, condicionando aínda máis a política forestal e afondando na expansión descontrolada do eucalipto, cando o que realmente se precisa é reverter a situación xerada polo modelo da Xunta do PP da man de ENCE na ría de Pontevedra.

A xunta de Galiza do PP vén de outorgarlle a este proxecto a autorización de impacto ambiental, consumando así unha traizón a Galiza sen precedentes, poñendo por diante dos intereses da sociedade galega os seus intereses propios e os dunha empresa portuguesa, da que, ademais, é socia a ex conselleira de Medio Ambiente Beatriz Mato.

A pesar disto, o proxecto de Altri aínda non conta coa luz verde ambiental. Faltan procesos decisivos como a Autorización Ambiental Integrada ou a concesión da captación de auga no encoro de Portomouros, entre outros. É agora cando máis cómpre que o conxunto da sociedade galega se mobilice e reitere o seu rexeitamento rotundo a un proxecto que atenta de forma clara contra a saúde e o futuro de miles de galegos e galegas.

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

1. Expresar a oposición da corporación á megacelulosa contaminante de Altri, dado que perpetúa un modelo de dependencia e explotación, fomenta a expansión da plantación de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

eucalipto e ocasionaría diversas repercusións negativas para todo o país, para as comarcas próximas á megafactoría, así como para o río Ulla e a ría de Arousa

2. Condenar a actuación da Xunta de Galiza neste proceso por antepoñer os intereses dunha empresa privada portuguesa aos intereses da sociedade galega.

3. Solicitar ao Goberno do Estado que non traizoe a Galiza outorgándolle fondos públicos á empresa portuguesa Altri para a construción desta macrocelulosa en Palas de Rei.

4. Instar ao goberno municipal a promover e facilitar cos medios ao seu alcance a asistencia da veciñanza a futuras convocatorias e mobilizacións sociais contra este proxecto.

5. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado”.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, que indica que a posición do seu partido é coñecida; cree que de momento en todos os debates autonómicos que houbo sobre este tema, foise deixando claro que o impacto ambiental non é o que se dixo, que hai 34 informes de 42 técnicos, que o promotor ten moitas exixencias; e por outra banda unha nova empresa para Galicia é unha riqueza, maior emprego. Continúa dicindo que na actualidade circulan moitas mentiras, como que hai que plantar máis eucalipto, que o Camiño de Santiago vaise ver afectado cando o punto máis preto atopase a 3 ou 6 km; e preguntase se a día de hoxe, coa normativa medioambiental europea tan estrita, algún goberno se atrevería a montar unha fábrica que envenenase a ría. Indica que o PP é claro, que o non polo non, non vale, que o proxecto é bo para Galicia; que son 2500 postos de emprego directos ou indirectos e ata 4000 pola construción; reitera que o proxecto está avalado en cuestión de impacto ambiental.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE**, que di en relación á creación de emprego, que parece un “xogo de trileros” xa que primeiro eran 5000, logo 2500, despois 500 e de novo 2500, que xa non saben o que lles están contando; indica que están a favor da moción aínda que hai un punto no que non están de acordo polo que piden votar por puntos. Quere lembrar que no ano 2022 todos no pleno votaron a favor do proxecto de Altri, pero a realidade é que o proxecto que se votou por aquel entón non ten nada que ver co actual; e un proxecto que non se acolle ao modelo de industrialización que defenden para Galicia. Continúa dicindo que o proceso de avaliación deste proxecto ten dous piares, o técnico e o político, é e neste último onde recae o asunto, o financiamento, o apoio como proxecto estratéxico e impacto socioeconómico e a xeración de emprego. En relación a viabilidade técnica di que os criterios medioambientais están taxados na lexislación, e a normativa ambiental galega é a máis laxa do ámbito europeo por vontade do Partido Popular que goberna en Galicia a pesar de que o PSOE formulou propostas para mellorar a normativa ambiental que non se tiveron en conta. Indica que o proxecto de Altri superou a avaliación de impacto ambiental que permite a Xunta de Galicia, pero que aínda faltan informes polo que hai sombras que non se coñecen neste proxecto, pero o que saben na actualidade xa os pon na súa en contra.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Continúa dicindo que Altri é un proxecto político porque así o motivou o PP, que ultimamente a Xunta parece un "CEO" máis desta empresa, que lles está facendo unha promoción que oxalá lle fixeran a moitas outras empresas galegas que xeran ou van xerar o mesmo número de empregos que Altri. Di que o proxecto é opaco e falto de transparencia, que reclama 250 millóns de euros a fondo perdido para poder implantarse, di que é un proxecto inviable; e non parece cumprir a maioría dos criterios do PERTE aos que aspira, polo que o seu grupo considera que non cumpre os requisitos para recibir o financiamento que demanda e así o queren manifestar. Continúa dicindo que o Sr. Rueda terá que explicar a súa posición sobre os cartos públicos que pretende destinar a Altri, e senón é así de onde veñen eses cartos. Reitera que rexeitan o proxecto, que teñen moitas dúbidas sobre o financiamento e a viabilidade do proxecto, e di que o punto máis importante é no que se atopan na actualidade, a viabilidade do mesmo. Continúa dicindo que o Partido Popular debe dar explicacións sobre a súa defensa do proxecto e o foco do debate que é a concesión de fondos europeos por parte do Estado, fondo que o Partido Popular intentou boicotear pero que agora reclama que se dean 250 millóns a fondo perdido.

Indica a **Sra. Bellón** que non están de acordo co punto 3 do cal propoñen a seguinte emenda de substitución: "*Punto 3. Exixir do goberno do Estado o máximo cumprimento da normativa medioambiental e un seguimento rigoroso da viabilidade do proxecto Altri para avaliar a posibilidade ou non, de que reciba fondos europeos, manifestando a súa posición contraria a que se entreguen fondos públicos a empresa portuguesa Altri, se non cumpre cos criterios esixidos.*"

Responde **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, que di que no aceptan a modificación do punto 3 xa que implica que se se cumpren os requisitos lles deamos fondos, e iso é o mesmo.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que pedirlle ao Estado que non lle outorgue fondos, tal e como pide o BNG é prevaricar; xa que as liñas de subvencións por concorrencia teñen criterios obxectivos, e se os proxectos cumpren hai que conceder esas achegas, que se poden pedir máis informes para obter máis garantías pero en ningún caso é unha decisión política; e que logo ven a labor de fiscalización para comprobar que o que se pretendía coa achega solicitada se levou a cabo nos mesmos termos. Indica que a estratexia do BNG é dicir que neste tema hai dúas posicións a favor e eles son os únicos en contra do proxecto o que é moi intelixente dende o punto de vista político, pero tamén saben que en Madrid non poden denegar as achegas cando cumpren os requisitos, as denegacións teñen que ser porque non se acada a puntuación exixida, ou porque hai proxectos máis beneficios ou máis acomodo dende o punto de vista medioambiental. Continúa dicindo que a emenda proposta vai na liña de coller a esencia do que quere dicir o BNG pero adaptarse ao marco normativo; e que se non acepta que votarán por puntos, pero recalca que para que conste en acta, que os motivos son que nunha convocatoria de achegas por concorrencia competitiva se está pedindo que non se den cartos a "un" por motivos discrecionais.

Intervén **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que Altri é máis un proxecto político que un proxecto empresarial, tal como indicou a Sra. Bellón.

Intervén a **Sra. Bellón** para dicir que para o que están debatendo, que é a o financiamento a través de fondos europeos do proxecto, é empresarial.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Intervén o **Sr. Curbeira** que di que o mesmo se podería dicir entón sobre a Xunta, que ela se base en informes técnicos para o seu apoio a Altri; e entón o Partido Popular tería razón pero indica que todo é político, que hai criterios políticos e que o Estado ten capacidade para denegar.

Intervén o **Sr. Presidente** para volver a recalcar que non poden apoiar algo que non pode ser porque o político non pode facer o que lle da a gana, que vivimos nun estado garantista e que hai que cumprir a legalidade; e como administración pública que é o Concello de Ponte deume non pode pedir a outra Administración algo que vai contra a lexislación vixente; e logo o enunciado de que non se traioe a Galicia, e moi capcioso, e este tipo de afirmacións está moi orientada a unha estratexia que implica que os únicos que defenden Galicia é o BNG e iso o Sr. Presidente non o comparte.

Logo do debate anterior proponse a redacción dun novo punto 3 que é: *“Exixir do Goberno do Estado o máximo cumprimento da normativa medioambiental e o seguimento rigoroso do proxecto Altri para avalar a posibilidade ou non de que reciba fondos europeos, manifestando a súa posición contraria a que se entreguen fondos públicos á empresa portuguesa Altri co absolutos dos criterios obxectivos exixidos.”*

Intervén **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para indicar que tampouco poden aceptar esa nova redacción, que a moción é política.

Intervén a **Sra. Bellón** que di que hai que ser responsable co que se vota; porque están a pedir que o goberno do Estado se salta a legalidade.

Responde o **Sr. Curbeira** dicindo que iso tamén é o que lle pide o PSdeG-PSOE ao PP de Galicia ao postularse en contra do proxecto de Altri.

Intervén o **Sr. Presidente** dicindo que o PSdeG-PSOE desconfía dos informes que fixo a Xunta de Galicia, porque se din moitas cousas e distinta.

Intervén o **Sr. Curbeira** que entón tamén poden dicir que desconfían do Estado.

Responde o **Sr. Presidente** que aínda non se viron os informes do Estado, que o están facendo de forma anticipada; e que o fan non porque desconfíen senón porque o BNG quere que o Estado lle dea a axuda para poder dicir que o PSOE está en contra de Altri pero lle da axudas públicas; e di que todos teñen contradicións, por exemplo o BNG defende que non se peche a central térmica das Pontes por que alí teñen unha expectativa electoral e lle interesa quedar ben cos veciños, que convocaron unha manifestación para que non se peche e que piden incluso 6 millóns de euros ao ano para que se manteña a cheminea como monumento; que se manifestan para que non se dean parques eólicos pero tamén para a defensa dos postos de traballo de Gamesa nas Somozas; continúa dicindo que todo son estratexias políticas, e o que no fondo o Sr. Presidente critica é que o BNG está desexando que o Estado lle dea os cartos a Altri porque así saen beneficiados electoralmente; e que se isto no fora así ao BNG non lle importaría emendar o punto 3.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Intervén **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do partido municipal do BNG**, para dicir que o eles non aceptan é un punto no que se deixe aberta a posibilidade de que se faga ou non, ten que quedar claro que non se poden recoller fondos.

Propón o Sr. Presidente a seguinte redacción para o punto 3: *Solicitar do Estado, que dentro do marco legal vixente, adopte todas as medidas necesarias ao seu alcance para non conceder fondos públicos para a implantación da macrocelulosa de Altri en Palas de Rei.*

O grupo municipal do BNG acepta a emenda proposta; e o **Sr. Curbeira** quere engadir en resposta á intervención primeira da Sra. Pico, que por moito que a normativa sexa exixente, unha cousa é que unha actuación se atope dentro do marco legal vixente e outra que non contamine; que sobre as fábricas que existen na actualidade haberá que controlar que contaminen o menos posible, pero instalar unha nova fábrica que a sabendas xa se sabe que vai contaminar e afectar a moitos postos de traballo na ría de Arousa é un círculo vicioso negativo.

Responde a **Sra Pico** que pode entender que non se fíen dos políticos pero hai informes técnicos realizados por persoal cualificado.

Sen máis intervencións sométese a votación a moción emendada no punto 3 coa nova redacción acordada polo BNG e PSdG-PSOE, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e D^a Manuela García Fachal; e dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO seguinte**:

1. Expresar a oposición da corporación á megacelulosa contaminante de Altri, dado que perpetúa un modelo de dependencia e explotación, fomenta a expansión da plantación de eucalipto e ocasionaría diversas repercusións negativas para todo o país, para as comarcas próximas á megafactoría, así como para o río Ulla e a ría de Arousa
2. Condenar a actuación da Xunta de Galiza neste proceso por antepoñer os intereses dunha empresa privada portuguesa aos intereses da sociedade galega.
3. Solicitar do Estado, que dentro do marco legal vixente, adopte todas as medidas necesarias ao seu alcance para non conceder fondos públicos para a implantación da macrocelulosa de Altri en Palas de Rei.
4. Instar ao goberno municipal a promover e facilitar cos medios ao seu alcance a asistencia da veciñanza a futuras convocatorias e mobilizacións sociais contra este proxecto.
5. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado"





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7. DAR CONTA DECRETO NÚM. 111/2025 DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2024

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA.

DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO ANUALIDADE 2024

Expediente TEDeC: 2025/T019/000001

De conformidade co disposto no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

Logo de ver o expediente co número 2025/T019/000001, no que constan os estados contables da liquidación do orzamento do exercicio 2024

Logo de ver a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro), así como o sinalado no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

*Esta alcaldía accidental formula a seguinte **PROPOSTA**:*

PRIMEIRO.- *Dar conta do informe de Intervención de referencia 59.2025 de día 05.03.2025 , de asunto: “Comunicación da remisión da liquidación do exercicio 2024 ao Ministerio de Hacienda e á Xunta de Galicia”*

SEGUNDO.- *Dar conta da liquidación do orzamento 2024, aprobada por Decreto nº 111/2025 de 28.02.2025, que se transcribe:*

**«Descrición decreto: EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2024.-
EXPEDIENTE N° 2025/T019/000001**

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

De conformidade co disposto no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 90 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e visto o expediente co número 2025/T019/000001, no que constan os estados contables da liquidación do orzamento do exercicio 2024 así como os informes da Intervención Municipal seguintes:

- Informe de referencia 52/2025, asinado dixitalmente con data do 28/02/2025, de asunto: “Liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio económico de 2024”





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Informe de referencia 53/2025, asinado dixitalmente con data do 28/02/2025, de asunto: "Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, e do límite de débeda, con motivo da liquidación do orzamento de 2024"

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento do Concello do exercicio 2024, co seguinte desglose:

- **Resultado Orzamentario:**

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS		
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	9.031.292,78	
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	8.637.512,34	
a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII)	393.780,44	
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	4.335,98	
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0	
Total dereitos recoñecidos	9.035.628,76	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	8.647.831,78	
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	7.775.910,54	
a.2. Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII)	871.921,24	
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	9.742,10	
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	31.446,71	
Total obrigas recoñecidas	8.689.020,59	
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	346.608,17	
AXUSTES		
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	927.272,60	
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	623.611,70	
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	491.354,74	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	1.406.137,73	

- **Remanente de Tesourería**

1. Fondos líquidos	1.679.411,22	
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	2.508.349,22	
2.a. Do orzamento corrente	1.074.202,13	
2.b. De orzamentos pechado	1.407.992,55	
2.c. De operacións non orzamentarias	26.154,54	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	1.426.949,86	
3.a. Do orzamento corrente	726.492,10	
3.b. De orzamentos pechados	413.343,24	
3.c. De operacións non orzamentarias	287.114,52	
4. Partidas pendentes de aplicación	-31.389,61	





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	62.335,49	
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	30.945,88	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		2.729.420,97
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		713.923,78
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		77.930,90
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		1.937.566,29

SEGUNDO.- Declarar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda segundo o informe de Intervención de referencia 53/2025.

TERCEIRO.- Remitir a liquidación aos órganos competentes da Administración do Estado e da Xunta de Galicia.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, Da^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)».

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**

8. DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2025.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA.

DAR CONTA DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE PONTEDEUME, EXERCICIO ORZAMENTARIO 2025

Expediente TEdEC: 2025/X999/000089

De conformidade co disposto no artigo 31 do Real Decreto 427/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público, que indica:

“1. El **órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero** que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio.

2. El Plan Anual de Control Financiero incluirá todas aquellas actuaciones cuya realización por el órgano interventor derive de una obligación legal y las que anualmente se seleccionen sobre la base de un análisis de riesgos consistente con los objetivos que se pretendan conseguir, las





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

prioridades establecidas para cada ejercicio y los medios disponibles. A estos efectos, se incluirán en el Plan las actuaciones referidas en el artículo 29.4 del Reglamento. El concepto de riesgo debe ser entendido como la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o falta de eficacia y eficiencia en la gestión. Una vez identificados los riesgos será necesario asignar prioridades para seleccionar las actuaciones a realizar. De esta manera, se realizará una evaluación para estimar la importancia del riesgo, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, y se atenderá a la conveniencia de seleccionar controles con regularidad y rotación, evitando tanto repetir controles en actividades económico-financieras calificadas sin riesgo como que se generen debilidades precisamente por la ausencia reiterada de control.

3. Identificados y evaluados los riesgos, el órgano interventor elaborará el Plan Anual concretando las actuaciones a realizar e identificando el alcance objetivo, subjetivo y temporal de cada una de ellas. El Plan Anual de Control Financiero así elaborado será remitido a efectos informativos al Pleno.

4. El Plan Anual de Control Financiero podrá ser modificado como consecuencia de la ejecución de controles en virtud de solicitud o mandato legal, variaciones en la estructura de las entidades objeto de control, insuficiencia de medios o por otras razones debidamente ponderadas. El Plan Anual de Control Financiero modificado será remitido a efectos informativos al Pleno”.

Logo de ver o expediente co número 2025/X999/000089, no que consta o Plan anual de control financeiro do Concello de Ponte deume para o exercicio orzamentario 2025.

Esta alcaldía – presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do Plan anual de control financeiro do Concello de Ponte deume para o exercicio orzamentario 2025 elaborado pola interventora municipal e asinado o día 18.03.2025; que se transcribe do teor literal seguinte:

«PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO CONCELLO DE PONTEDEUME. EXERCICIO ORZAMENTARIO 2025

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

1. INTRODUCCIÓN:

O Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

interno nas entidades do Sector Público Local, supuxo un cambio na concepción e na forma de realizar o control interno das Entidades Locais.

Entre as novidades máis destacadas, o artigo 31 do citado texto legal determina no seu apartado primeiro, que:

“1. El órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio.

2. El Plan Anual de Control Financiero incluirá todas aquellas actuaciones cuya realización por el órgano interventor derive de una obligación legal y las que anualmente se seleccionen sobre la base de un análisis de riesgos consistente con los objetivos que se pretendan conseguir, las prioridades establecidas para cada ejercicio y los medios disponibles. A estos efectos, se incluirán en el Plan las actuaciones referidas en el artículo 29.4 del Reglamento.

El concepto de riesgo debe ser entendido como la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o falta de eficacia y eficiencia en la gestión.

Una vez identificados los riesgos será necesario asignar prioridades para seleccionar las actuaciones a realizar. De esta manera, se realizará una evaluación para estimar la importancia del riesgo, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, y se atenderá a la conveniencia de seleccionar controles con regularidad y rotación, evitando tanto repetir controles en actividades económico-financieras calificadas sin riesgo como que se generen debilidades precisamente por la ausencia reiterada de control.

3. Identificados y evaluados los riesgos, el órgano interventor elaborará el Plan Anual concretando las actuaciones a realizar e identificando el alcance objetivo, subjetivo y temporal de cada una de ellas. El Plan Anual de Control Financiero así elaborado será remitido a efectos informativos al Pleno.

4. El Plan Anual de Control Financiero podrá ser modificado como consecuencia de la ejecución de controles en virtud de solicitud o mandato legal, variaciones en la estructura de las entidades objeto de control, insuficiencia de medios o por otras razones debidamente ponderadas. El Plan Anual de Control Financiero modificado será remitido a efectos informativos al Pleno.”

En resumo, o Plan Anual de Control financeiro constitúe o marco de planificación e programación das actividades a desenvolver pola Intervención do Concello de Ponte deume en relación co exercicio 2025.

2. DEFINICIÓN DE CONTROL INTERNO ECONÓMICO-FINANCIERO:

Segundo o artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, o control interno da xestión económico-financiera e orzamentaria se exercerá mediante a función interventora e o control financeiro (nas modalidades de control financeiro e auditoría pública).

2.1.-Función interventora:

O exercicio da función interventora ten por obxecto a fiscalización e intervención previa dos actos susceptibles de repercusión económica, financeira e patrimonial, antes de que sexan aprobados.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A función interventora fiscaliza os actos que recoñezan ou liquiden dereitos e obrigas, así como os ingresos e pagos que se deriven dos mesmos.

O ámbito da función interventora se regula nos artigos 214 do TRLRFL aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e os artigos 3 e 8 do Real Decreto 424/2017.

2.2.- Control financeiro:

O control financeiro pode definirse como o resto de actividades atribuídas a intervención que non teñen natureza de función interventora.

O control financeiro pode ser permanente ou auditoría pública.

2.2.1.- Control financeiro permanente:

O control financeiro permanente ten por finalidade comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local se axusta ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos se atopa orientada pola eficacia, eficiencia, economía, calidade e transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira no uso dos recursos públicos locais, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.

En concreto, o exercicio do control financeiro comprende as actuacións de control incluídas no plan anual de control financeiro e as actuacións atribuídas no ordenamento xurídico ao Interventor.

2.2.2.- Auditoría pública:

A auditoría pública consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financeira do sector público, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría.

En función do seu obxecto pode ser: de legalidade ou cumprimento, financeira e operativa.

Ao non existir, na actualidade, ningunha entidade dependente non se prevén actuacións nesta materia.

3. ÁMBITO SUBXECTIVO

Queda dentro do ámbito subxectivo de control financeiro para o período 2025 o propio Concello de Pontedeume

4. PERÍODO DE REFERENCIA

As actuacións sobre as que se exercerá o control financeiro ao que se refiren o presente Plan farán referencia exclusivamente a aquelas nas que a resolución dos actos administrativos teñan lugar no actual exercicio 2025.

Ao presente plan sucederalle outro en cuxa elaboración se terán en conta as consideracións recollidas neste. En caso de que non sexa aprobado o novo plan, o presente terase por prorrogado.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. CONTIDO DO CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE

Segundo o previsto no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, o Plan Anual recollerá tanto as actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal como as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos.

5.1 Actuacións atribuídas no ordenamento xurídico o órgano interventor

Segundo o artigo 4.1. b) do Real Decreto 128/2018, son as seguintes:

“1.º O control de subvencións e axudas públicas, de acordo co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

2.º O informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.

3.º A emisión de informe previo á concertación ou modificación das operacións de crédito.

4.º A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do Orzamento.

5.º A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico-financeira ou orzamentaria fóronlle solicitadas pola presidencia, por un terzo dos Concelleiros ou Deputados ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial, así como o ditame sobre a procedencia da implantación de novos Servizos ou a reforma dos existentes a efectos da avaliación da repercusión económico-financeira e estabilidade orzamentaria das respectivas propostas.

6.º Emitir os informes e certificados en materia económico-financeira e orzamentaria e a súa remisión aos órganos que estableza a súa normativa específica.”

Ademais, en canto ás restantes actuacións previstas na normativa de aplicación se destacan as seguintes, por ser periodicamente realizadas pola Intervención municipal no Concello de Ponte deume:

- Informe sobre o Orzamento xeral da entidade local previo á súa aprobación. (Art. 168 do TRLRHL e Art. 4.1. b) do RD128/2018). Se se prorrogase o Orzamento: informe, no seu caso, dos axustes de crédito previstos no art. 21 RD 500/1990 (periodicidade: anual)

- Informe das modificacións orzamentarias por crédito extraordinario e suplemento de crédito (Art. 177.3 do TRLRHL, Art 37 RD 500/1990)

- Informe das modificacións orzamentarias por Ampliación de crédito. (Art. 178 do TRLRHL)

- Informe das modificacións orzamentarias por Transferencia de crédito (Art. 179 do TRLRHL)

- Informe das modificacións orzamentarias por Xeración de Crédito (Art. 181 de TRLRHL)

- Informe das modificacións orzamentarias por incorporación de Remanentes de crédito. (Art. 21 RD 500/1990)

- Informe previo ás normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar con cargo





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

aos orzamentos de gastos, a incluír nas Bases de Execución (Art. 190 do TRLRHL e Art. 72 RD 500/1990) (periodicidade: cando sexan solicitados).

- Informe de seguemento do plan económico-financeiro, no caso de que por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a corporación local houbera formulado un plan a tenor do establecido no artigo 21 da LOEPSF (Art. 116 bis LRBRL) (periodicidade anual)

- Informe resumo anual dirixido á Intervención Xeral da Administración do Estado sobre os resultados do control interno respecto da xestión económica da entidade local. (Art. 213 de TRLRHL) (periodicidade anual)

- Informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarios os reparos efectuados polo órgano interventor, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. (Art. 218.1 de TRLRHL), (periodicidade anual)

- Atribucións ao órgano interventor reguladas noutras normas: Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

- Auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas (art. 12.3 da Lei 25/2013).

- Informe sobre avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade (Art. 12 da Lei 25/2013) (periodicidade trimestral)

- Certificado de existencia de créditos (RC) Art. 32.2 Real Decreto 500/1990 (periodicidade: cando sexa solicitado)

- Certificado sobre cumprimento de límites en gastos plurianuais. Art. 86 Real Decreto 500/1990 (periodicidade: cando sexa solicitado)

- Certificado sobre a porcentaxe de recursos correntes en materia de contratación. Art. 32.1.a) Real Decreto 424/2017, Art. 4.1. b) Real Decreto 128/2018 (periodicidade: cando sexa solicitado)

- Remisión de marcos orzamentarios a medio prazo. Art. 6 OHAP 2105/2012 (periodicidade anual)

- Remisión de gastos de persoal. Art. 7 OHAP 2105/2012 (periodicidade anual)

- Remisión de liñas fundamentais do orzamento. Art.15.1 OHAP 2105/2012 (periodicidade anual)

- Remisión de Orzamentos aprobados. Art. 15.3 OHAP 2105/2012 (periodicidade anual)

- Remisión de liquidación, contas, conta 413, débeda viva, informe Intervención cumprimento estabilidade e regra de gasto, IFS. Art. 15.4, OHAP 2105/2012 e DÁ 16.8 TRLRHL (periodicidade anual)

- Remisión de Contas anuais. Art. 15.5 OHAP 2105/2012 (periodicidade anual)





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Remisión actualización execución presupostos. Art. 16 OHAP 2105/2012 (periodicidade trimestral)
- Remisión de subscripción, modificación ou cancelación operación de préstamo ou crédito. Art. 17 OHAP 2105/2012 (periodicidade: cando sexa solicitado)
- Remisión do custo efectivo dos servizos. Art. 116 ter LBRL e Art. 15.2 OHAP 2105/2012 (periodicidade: anual)
- Control de subvencións e axudas públicas, de acordo co establecido na Lei38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (Art. 4.1. b) do RD128/2018)
- Remisión á BDNS de subvencións concedidas. Art. 36.4 RLGS, (periodicidade: cando se tramiten expedientes de concesión de subvencións)
- Coordinar funcións ou actividades contables. Art. 4.2.d) RD 128/2018
- Xestión do rexistro contable de facturas. Art. 4.2. j) RD 128/2018

Existen, ademais das mencionadas, outras actuacións de obrigada realización que respondan a circunstancias concretas e específicas (caso, por exemplo, da emisión de informes ou participación en órganos) que non son obxecto de planificación, levándose a cabo nos momentos que sexan procedentes ou requiridas.

5.2 Actuacións que se seleccionan segundo a base dunha análise de riscos

Esta parte do desenvolvemento do Plan Anual de Control Financiero Posterior debe ter un peso importante nas actuacións a levar a cabo en 2025 sobre o control financeiro, pola especificidade das materias e porque debe servir para completar o control interno realizado de maneira limitada nos acordos previos.

En canto á planificación, o concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión sometida a control susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión. Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións a realizar.

Para realizar a avaliación de riscos partiuse da realidade dos medios e obrigas cos que conta a Entidade Local, e se tomaron en consideración varios factores como o modelo de control adaptado a esta Corporación, o volume de orzamento xestionado así como a necesaria regularidade das actuacións a realizar.

Para a confección do presente Plan se utiliza a experiencia acumulada dos exercicios anteriores da función Interventora Plena e o sinalado nos informes emitidos en exercicio da dita función e dos emitidos con ocasión do control financeiro indicado no apartado 5.1 deste informe.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

No actual exercicio 2025 (e nos exercicios anteriores) o réxime de fiscalización aplicable é o réxime de fiscalización previa plena, na que o interventor debe verificar o cumprimento de todos os trámites esixibles pola normativa aplicable en relación co tipo de expediente que estea sendo obxecto de control, coas excepcións reguladas na normativa.

Esta Intervención viña realizando unha análise xeral nos informes anuais de control interno a remitir á IGAE, o último o de referencia 154/2024, de asunto: **"Informe resumen anual del control interno 2023"**, en cumprimento del artículo 37 del RD 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local", emitido no **expediente**: 2024/X999/000162, e asinado con data do 26/04/2024.

No dito informe xa se avaliaban posibles riscos, no apartado IV, denominado "Deficiencias", no que se plasmaba o seguinte:

"(...) A continuación se detallan las recomendaciones para enmendar las debilidades, deficiencias e incumplimientos, que se ponen de manifiesto en el informe resumen del ejercicio económico 2023 (ya puestas de manifiesto en el año 2022, 2021 y 2020 y pendientes aún de corrección), que podrían formar parte de un plan de acción:

- Cumplimiento de la normativa que resulta de aplicación en materia de gestión de personal.
- Aprobación de una Relación de puestos de trabajo acorde a las funciones y necesidades derivadas de la realidad actual, en cumplimiento del acuerdo reguladora del personal funcionario; con dotación de medios y personal para poder desarrollar las obligaciones impuestas por la normativa de aplicación.
- Desarrollo de los procesos de convocatoria de selección de personal derivados de la oferta de empleo (...)
- Dar cumplimiento al plan estratégico de **subvenciones**, tal y como se establece en el artículo 8.1 de la Ley 38/2003, General de Subvenciones y sobre todo mejorar su gestión y tramitación.
- **Tramitar las contrataciones ordinarias de los servicios o suministros que responden a la prestación de servicios y/o suministros de tracto sucesivo o de carácter periódico y/o repetitivo, con arreglo a la LCSP, dando prioridad a su regularización.**
- Cumplimiento estricto de la normativa contractual y de los PCAP en la ejecución de los contratos de obras, servicios y suministros.
- Aprobar un Plan Anual de Control financiero.
- Apoyo a la Tesorería municipal para realizar inspección y control de ingresos, así como revisión de las ordenanzas fiscales y no fiscales y regularización de los padrones, además de implantación del nuevo programa de rentas, GTT".

E, no apartado V, denominado Valoración del Plan de Acción del ejercicio anterior, xa se indicaba que:

"Teniendo en cuenta las razones expuestas en este informe, tal Plan no existe, por lo que no se puede llevar a cabo su valoración.

Se tratará de que en próximos ejercicios, y a partir de las deficiencias detectadas y recomendaciones realizadas hasta la fecha (u otras que puedan ir surgiendo a





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

posteriori), y teniendo en cuenta que no se dispone de personal para poder realizar todas las funciones derivadas de la obligatoriedad del control financiero de la actividad económico-financiera mediante el ejercicio del control permanente y de la auditoría pública que se regula en el Real Decreto 424/2017, se pueda ya incorporar en cada ejercicio un Plan de Acción que se lleve a cabo, por lo que será en ese momento cuando podrá procederse a su valoración".

É por isto que se pretende aprobar nesta anualidade o Plan de Acción, se ben non se teñen solventado os problemas de falta de medios na Intervención municipal para acometer todo o traballo encomendado.

Continuando cos aspectos que poden detectarse como "riscos" a efectos de confección do Plan, indicar tamén que, dos informes de reparo emitidos por esta Intervención, en virtude da función interventora que ten atribuída, se desprende en xeral a **falta de licitación de contratos para practicamente todos os bens e servizos imputables a gasto corrente**, sendo a excepción en xeral as contratacións tramitadas relativas a algúns investimentos.

E isto enlazado coas subvencións outorgadas ao Concello, que en non poucos casos teñen que ser reintegradas ou resulta a súa perda do dereito ao cobramento por non estar amparadas en contratos licitados conforme á Lei de contratos, ou por renuncias á súa execución, o que mostra a falta de eficacia e eficiencia na súa xestión.

E finalmente, polos incumprimentos advertidos nos prazos de morosidade e período medio de pagamento, debe tamén realizarse control respecto do rexistro contable de facturas e o cumprimento dos prazos indicados.

É certo que existen moitos máis riscos xa advertidos nos informes de Intervención de fiscalización, pero pola carencia de medios para atender todo o traballo encomendado, debe ceñirse este primeiro Plan ás tres actuacións indicadas: **contratación, subvencións e rexistro e tramitación de facturas.**

Finalmente, respecto do control sobre beneficiarios de subvencións e axudas, inclúese neste Plan a obriga imposta pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, artigo 3.5 do RD424/2017 e 4.1.b.1 do RD128/2018, de realizar complementariamente aos controis formais dos xestores de subvencións, o control financeiro sobre as actividades ou operacións subvencionadas e as contas xustificativas dos beneficiarios de subvencións.

6. MEDIOS DISPOÑIBLES PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCIERO

No informe de Intervención de referencia 154/2024, de asunto: **"Informe resumen anual del control interno 2023**, en cumplimiento del artículo 37 del RD 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local", emitido no expediente: 2024/X999/000162, e asinado con data do 26/04/2024, se indicaba o seguinte:

"(...) Sobre la falta de medios ya se ha informado por esta Intervención en más de una ocasión; así, a modo de ejemplo, pueden citarse los siguientes informes de Intervención





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

emitidos en relación con la situación de los servicios económicos: el de referencia **186/2020**, de 23/09/2020, reiterado en el **informe 286/2022** (en el que se advertía del cese por jubilación de una de las trabajadoras que prestaba servicio en este Departamento) y nuevamente en el **informe 5/2023** (agravado con el cese de otra de las trabajadoras en noviembre de 2022), **quedando únicamente dos personas en este Departamento por casi un año, y una que también atiende funciones que no son de Intervención**, y, por tanto, no dedicada íntegramente a este Departamento; y durante casi dos meses únicamente dos personas -una de ellas atendiendo funciones que no son de Intervención-, al estar en situación de IT la interventora -de enero a marzo de 2023-

En junio de 2023 se adscribe temporalmente a una administrativa, que se incorpora efectivamente en septiembre, y ya en 2024 se incorporó otra, en el mes de febrero, si bien el trabajo pendiente acumulado en Intervención era considerable después de más de un año en mínimos de personal (...).

Debe hacerse constar que a funcionaria incorporada en febreiro de 2024, cesou no Concello o 6/10/2024, polo que novamente esta Intervención non ten o persoal suficiente para atender todo o traballo encomendado.

Remítome neste punto ao informe de referencia 289/2024, asinado con data do 21/10/2024, e que se xunta a este Plan como relatorio dos cambios incorporados na Intervención municipal dende o ano 2017 e, no que se indicaba, en relación coa situación dos Servizos económicos, o seguinte:

“Novamente se solicita unha actualización da Relación de postos de traballo para adecuar as funcións e retribucións dos postos do persoal do Departamento (e do Concello en xeral) á realidade, así como, respecto do Departamento de Intervención, amortizar o posto de auxiliar administrativo e incorporar un técnico para poder realizar as modificacións necesarias e reorganizar o traballo de cara a cambiar o modelo ao de fiscalización previa limitada e control posterior, e poder desenvolver adecuadamente o control financeiro conforme ao regulado na normativa.

E igualmente se solicita que o posto de administrativo con tarefas de informática se desdoble en dous, ou se reconfigure, de forma que o dito administrativo unicamente realice tarefas propias do Departamento de Intervención”.

Ante a inacción para solventar esta situación de forma definitiva mediante incorporación de funcionario de carreira ao departamento (un técnico, previa modificación da RPT), e en aras de dar cumprimento á normativa, **elabórase o presente Plan de Acción, se ben reiterando a insuficiencia de medios para atender todo o traballo encomendado, o que conlevará asunción de maior carga de traballo, a realizar con iguais medios persoais, do que resultará un maior tempo na execución do desenvolvemento dos traballos a realizar.**

Os medios persoais do Departamento de Intervención son claramente insuficientes con base no seguinte:

— Con data día 1 de xullo de 2018 tivo lugar a entrada en vigor o **Real Decreto 424/2017**, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local. O mencionado Decreto ten como obxectivos, entre outros, conseguir un control económico-orzamentario máis rigoroso e reforzar o papel da función interventora nas Entidades Locais, asegurándose a xestión regular dos fondos públicos, o emprego eficiente





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

dos mesmos e a sustentabilidade financeira da Entidades Locais, cuestións todas elas que viñeron a engadir unha maior carga laboral ás funcións que previamente se viñan desempeñando dende esta Intervención.

Estas novas funcións, acompañadas das obrigas de remisión de constante información os restantes órganos e Administracións (que pouco a pouco foron implantándose nos últimos anos) deron lugar á insuficiencia dos medios persoais asignados a este departamento de Intervención.

– Doutra banda, o 17 de marzo de 2018 entrou en vigor o **Real Decreto 128/2018**, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, co fin, entre outros obxectivos, de garantir a profesionalidade e a eficacia das funcións de control interno das Entidades Locais, reforzándose as funcións reservadas aos devanditos funcionarios e especialmente a función interventora, para lograr un control económico-orzamentario máis rigoroso no marco do desenvolvemento do artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora 20 das Facendas Locais, garantindo así unha maior profesionalidade e eficacia no exercicio das funcións reservadas.

O órgano interventor disporá dun modelo de control eficaz e para iso deberánselle habilitar os medios necesarios e suficientes.

Como se indicou, xúntase a este Plan de Acción o informe de referencia 289/2024, en relación coa situación dos servizos económicos a data 21/10/2024, que contén un relatorio de todos os cambios incorporados no departamento cos medios persoais que se indican dende o ano 2017.

É dicir, o exposto anteriormente resume as funcións atribuídas á Intervención Municipal, funcións que coa aplicación dos novos Regulamentos (RD 424/2017 e RD 124/2018) incrementáronse considerablemente así como a responsabilidade no seu exercicio, todo iso sen ter en conta as novas actuacións a realizar derivadas da entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e aqueloutras funcións encomendadas aos órganos interventores no ordenamento xurídico tales como a asistencia ás mesas de contratación, recepción material dos investimentos...

As comprobacións e verificacións de control financeiro, no exercicio das funcións de fiscalización, realízanse actualmente cos medios materiais e humanos que ten asignado esta Intervención, poñéndose de manifesto novamente a súa insuficiencia para poder exercer con plena seguridade xurídica as súas funcións de fiscalización para os efectos establecidos na lexislación vixente, impoñéndose a necesidade de seguir dotando a Intervención Municipal de mais persoal técnico co obxecto de poder cumprir coas actuacións, obrigas e funcións encomendadas na normativa legal.

7. MODIFICACIÓN DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO

Conforme o artigo 31.4 do Real Decreto 424/2017:

“O Plan Anual de Control Financeiro poderá ser modificado como consecuencia da execución de controis en virtude de solicitude ou mandato legal, variacións na estrutura das entidades obxecto de control, insuficiencia de medios ou por outras razóns debidamente ponderadas. O Plan Anual de Control Financeiro modificado será remitido a efectos informativos ao Pleno.”





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

POR ÚLTIMO:

Primeiro: deberase dar traslado ao Pleno Municipal, para o seu coñecemento, da elaboración por esta Intervención Municipal do Plan Anual de Control financeiro 2025.

Segundo: deberase remitir o portal de transparencia para a súa publicación.

Asinado dixitalmente pola interventora municipal".

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**

9. DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2026- 2028.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DACIÓN DE CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2026-2028)

Expediente: 2025/X998/000017.

Logo de ver o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 76/2025 de día 19.03.2025 , de asunto: "Comunicación da remisión do Plan orzamentario a medio prazo 2026 a 2028 ao Ministerio de Facenda"

SEGUNDO.- Dar conta do Decreto da Alcaldía núm. 140/2025 do día 18/03/2025, que se inserta a continuación:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Transferencias a outras EELL	10.000	10.000	10.000	10.000
Transferencias a empresas privadas	355.000	355.000	355.000	355.000
Resto transferencias	225.000	225.000	225.000	225.000
